

**ACTA Reunión Mesa Xestión Integral de Residuos**

Servizo de Medio Ambiente, Casa da auga, Manuel Murguía, s/N, 5º Planta, A Coruña

Data: 23 de agosto de 2016.

Inicio: 13:00 hs., Fin: 14:00 hs.

---

Sendo as 13:00 horas do día 23 de agosto de 2016, na no despacho da Concelleira delegada de Medio Ambiente do Concello da Coruña reúnese en sesión ordinaria a Mesa de Xestión Integral de Residuos, asistindo á mesma:

**Coordinadores/as convocados/as e asistencia:**

- María García Gómez, Concelleira delegada de Medio Ambiente do Concello da Coruña
- Verónica Campos, Asesora da Concelleira delegada de Medio Ambiente do Concello da Coruña
- Miguel Ángel Sandar Picado, Xerente do Consorcio das Mariñas
- J. José Pernas García, Xefe de Servizo de Medio Ambiente
- Inés Peleteiro López, Consorcio das Mariñas.

**En dita reunión desenvólvese o seguinte ORDE DO DÍA:**

- Execución do plano de traballo
- Preparación de campañas de educación ambiental
- Rogos e preguntas

No desenvolvemento da reunión se segue o orden do día preestablecido, transcorrendo a reunión de acordo co que segue.

**1. Execución do Plan de traballo**

A Concelleira delegada de Medio Ambiente informou sobre o calendario e análise de situación de partida así coma dos puntos clave da auditoría da planta de Nostián. Solicítanse aportacións de cara as adaptacións necesarias para unha viabilidade futura de planta.

Os representantes do Concello da Coruña na sesión informaron dos resultados da reunión celebrada na Consellería de Medio Ambiente o día 28 de xullo de 2016, relativa ao proceso de negociación do Convenio de ECOEMBES, así como do estado dalgunhas cuestións referidas ao funcionamento da planta de Nostián.

**2. Preparación dunha campaña de educación ambiental**

Os asistentes a reunión acordaron a posta en marcha dunha proposta de campaña de educación ambiental conxunta. Descríbense modelos de campaña, proxecto de cada entidade, tratando de aunar filosofías e conseguir modos de traballo conxuntos. Preténdese unidade nas campañas para que exista unha maior visibilidade e impacto na poboación.

Os asistentes do Concello da Coruña comprometéronse a elaborar unha proposta, para remitila no seu momento para revisión e estudo ao Consorcio das Mariñas.

**3. Rogos e preguntas**

Non houbo rogos e preguntas.



**4. Acordos adoptados:**

- Elaborar unha proposta de campaña conxunta de concienciación e educación ambiental sobre recollida de residuos.
- Presentar alegacións coordinadas no marco do proceso de negociación entre a Xunta de Galicia e ECOEMBES para a sinatura do novo convenio marco.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo ás 14:00 horas, levántase a reunión.

A Coruña, 20 de outubro de 2016

Asdo. Miguel Ángel Sandar Picado

Asdo. J. José Pernas García

